Para obter información do proceso de ensino empregaranse algunhas das seguintes técnicas:

Levarase a cabo o seguimento e valoración do traballo do profesor apoiándose nos seguintes **indicadores de logro:**

**1 = Escaso/non logrado.**

**2 = Básico.**

**3 = Satisfactorio.**

**4 = Excelente.**

| | INDICADORES DE LOGRO DE PROCESO DE ENSINO | VALORACIÓN (De 1 a 4) | PROPOSTAS DE MELLORA |
|---|---|---|---|
| **Motivación inicial do alumnado** | | | |
| **1** | | | |
| **2** | | | |
| **Motivación ao longo de todo o proceso** | | | |
| **3** | | | |
| **4** | | | |
| **Presentación dos contidos (conceptos, procedementos e actitudes)** | | | |
| **5** | | | |
| **6** | | | |
| **Actividades na aula** | | | |
| **7** | | | |
| **8** | | | |
| **Recursos e organización da aula** | | | |
| **9** | | | |
| **10** | | | |
| **Instrucións, aclaracións e orientacións ás tarefas do alumnado** | | | |
| **11** | | | |
| **12** | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Clima da aula** | | | |
| **13** | | | |
| **14** | | | |
| **Seguimento/ control do proceso de ensino-aprendizaxe** | | | |
| **15** | | | |
| **16** | | | |
| **Diversidade** | | | |
| **17** | | | |
| **18** | | | |

Finalmente, levarase a cabo a valoración da práctica docente. Conscientes de que a comunicación oral de suxestións, críticas ou opinións, pode coartar a liberdade de expresión do alumnado, este cubrirá unha enquisa anónima que é a que segue, e onde se recollen aspectos básicos da práctica docente:

## MODELO DE CUESTIONARIO A REALIZAR POLO ALUMNADO DE MÚSICA:

| | INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE | VALORACIÓN (De 1 a 4) | PROPOSTAS DE MELLORA |
|---|---|---|---|
| **AVALIACIÓN DO PROFESOR:** | | | |
| **1** | Cumpre co seu horario (asistencia e puntualidade) | | |
| **2** | Prepara e organiza axeitadamente as súas clases | | |
| **3** | Na clase hai un bo ambiente docente (posibilidade de facer preguntas, facilita a participación, bo trato, amenidade...) | | |
| **4** | A forma de corrixir e valorar exames, probas e traballos, axústase o ensinado | | |
| **5** | No desenvolvemento das clases fomenta o uso das novas tecnoloxías | | |
| **6** | O profesor/a desta materia é un bo docente | | |
| **AVALIACIÓN DA MATERIA** | | | |
| **7** | Considero que esta materia é importante de cara a miña formación | | |
| **8** | Considero que os contidos desta materia son interesantes | | |
| **9** | Penso que as condicións (espazo, equipamento, materia, nº de alumnos...) nas que se desenvolve a docencia desta materia son satisfactorias | | |
| **AVALIACIÓN DO PROPIO ALUMNO:** | | | |
| **10** | Teño un comportamento axeitado na clase | | |
| **11** | Atendo na clase | | |
| **12** | Fago as tarefas diariamente | | |
| **13** | Levo a materia ao día | | |
| **14** | **Aprendo nas clases deste profesor/a** | | |

A avaliación do proceso de ensino terá un carácter formativo, orientado a facilitar a toma de decisións para introducir as modificacións oportunas que nos permitan a mellora do proceso de maneira continua. Con iso pretendemos unha avaliación que contribúa a garantir a calidade e eficacia do proceso educativo. Todos estes logros e dificultades atopados serán recollidos nas Propostas de Mellora da Programación de xeito que cada curso escolar, a práctica docente aumente o seu nivel de calidade.

# 9 ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES E SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Non é de aplicación

# 10 ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS EN BACHARELATO

Non é de aplicación

# 11 DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Nos primeiros días do curso farase unha proba inicial para todos os alumnos a fin de avaliar o seu nivel.

A avaliacion inicial realizarase durante a primeira semana do curso escolar. Este proceso comprendera as seguintes accions que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atencion educativa:
a) Analise dos informes de avaliacion individualizados do curso anterior.
b) Deteccion das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior así como a súa correspondencia coa falta do desenvolvemento das correspondentes competencias clave.

A avaliación inicial servirá para para rexistrar e para diagnostica–las habilidades, actitudes, dificultades e coñecementos dos alumnos e das alumnas respecto ós novos contidos que se van tratar e para apreciar e para valora–las diferencias que existan dentro do grupo.

A avaliación é un proceso ininterrompido que comeza co diagnóstico da situación, avaliación inicial, mellorase mediante a observación e reflexión cooperativa, avaliación continua, e completase coa avaliación final, onde se toman unhas conclusións que permitan retomar un proceso de retroalimentación e mellora de todo o proceso educativo.

O obxectivo da avaliación inicial é o de proporcionar un instrumento de avaliación das capacidades e coñecementos cos que conta o alumnado, co fin de abordar o proceso educativo con garantías, prever e anticipar axustes individuais e reparar retrasos escolares.

As probas de avaliación inicial parten dos obxectivos e contidos mínimos co alumno/a tiña que adquirir ao remate do curso anterior. Respectará a estrutura disciplinar da materia, determinada polos bloques de contidos do currículo oficial e concretada nas preguntas a formular. A avaliación será unha probas escrita e as preguntas adecuaranse aos contidos concretos que se pretenden medir.

Nos primeiros días de curso concienciares ao alumnado de que se lles vai a realizar esta proba de avaliación inicial. A proba escrita poderá constar de exercicios, preguntas teóricas e tipo test. Así poderemos valorar se sabe aplicar as técnicas que lles ensinamos, que as sabe aplicar na practica e se mellorou a súa capacidade de razoamento.

Empregarense como instrumentos de avaliacion inicial:

- fichas de avaliación inicial
- análise da documentación existente no centro sobre os alumnos e sobre as alumnas
- informes dos profesores
- os resultados de avaliacións anteriores
- os cuestionarios, as respostas orais ou escritas,
- as tarefas nas que se poida observa

–la secuencia de pasos do contido procedemental que se desexe observar

# 12 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

En colaboración co departamento de Orientación, o Depto de Música fai as seguintes consideración:

**Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE):**

Coidarase que todo o alumnado teña acceso ao proceso de ensinanza e aprendizaxe en calquera dos escenarios presentes e asegurarase a súa parQcipacion e implicacion no desenvolvemento das accions educativas.
Atenderase aos diferentes modos que ten o alumnado de percibir e expresar a informacion para garantir a comprension e a comunicacion da mesma así como o axuste, de medios, tempos, instrumentos ou procedementos de avaliacion, as súas circunstancias.
Deseñaranse e desenvolveranse plans de recuperacion dos aspectos curriculares afectados pola suspension da actividade lectiva presencial no curso anterior.

**Alumnado repetidor:**

Naqueles casos nos que un alumno ou alumna repita curso e teña cursado xa a materia de música o ano anterior, a súa situación terase en conta de dous xeitos diferentes.
a) Se non superou a materia o ano anterior faráselle un seguimento especial co fin de que non se volva repetir a mesma mala cualificación.
b) Se, pola contra, superou a materia de maneira folgada, estudarase algunha medida de ampliación, ou mesmo algunha tarefa diferente á do resto do grupo para non caer na repetición de contidos e experiencias do ano pasado

**Alumnado con sobredotación:**

Do mesmo xeito que desde este Departamento se terán en conta as dificultades do alumnado para superar a materia, tamén se poñerá especial fincapé naquel alumnado que conte con capacidades, formación, ou coñecementos musicais por riba do grupo. Co comezo de curso valoramos esta circunstancia para asignarlles tarefas máis complexas, papeis máis destacados nas interpretacións da aula, ou algunha actividade que permita expresar esas capacidades. Tamén se recomendará ao alumnado que curse ensinanzas profesionais no

conservatorio a validación da materia de música e mesmo dunha optativa para que poida simultanear os estudos musicais cos de secundaria e bacharelato da mellor forma posible

# 13 ELEMENTOS TRANSVERSAIS

O DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia , no seu artigo 4 di " A comprension lectora, a expresion oral e escrita, a comunicacion audiovisual, as tecnoloxias da informacion e da comunicacion, o emprendemento, e a educacion civica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuizo do seu tratamento especico nalgunhas das materias de cada etapa. "

**Contribución ao proxecto lector**

En relación co proxecto lector do centro dirixido a fomentar a lectura e escritura e a potenciar o uso da Biblioteca, o Departamento tratará de apoiar o mesmo en distintos niveis.

Visitas guiadas á biblioteca co fin de dar a coñecer as fontes coas que conta o Departamento. Busca de libros: manexo de fichas e bases de datos.

O departamento colaborará tamén coas actividades propostas dende a biblioteca do centro: educación documental, clube de lectura,dinamización, elaboración de guías de lectura, hora de ler, etc. En todos os cursos o departamento de música para potenciar o fomento da lectura entre o seu alumnado, proporá as seguintes actividades nas súas clases:

1. Lectura en voz alta por parte dun alumno e explicación por parte do profesor daqueles aspectos teóricos de cada tema, ben sexan históricos, instrumentais…, coa posterior elaboración de resumos, esquemas… para unha mellor comprensión e facilitación da aprendizaxe significativa.

2. Comentarios de audicións e/ou vídeos musicais, reflexionando sobre o visto e/ou escoitado, sobre a estrutura musical e estética, e interpretándoo de xeito oral ou escrito, para chegar a unha comprensión global.
3. Lectura de textos recollidos en libros, revistas ou prensa relacionadas coa música.
4. Realización de traballos de investigación sobre compositores e grupos musicais, así como bandas sonoras de cine e diferentes pezas, ben do patrimonio galego, coma do resto do mundo.
5. Elaboración dun vocabulario específico de música.

**Educacion civica. Temas transversais:**

Os/As alumnos/as deberan aprender a discriminar os múltiples intereses que conclúen no consumo habitual de música e reforzar opcións persoais ben fundamentadas. É tal a presión dos intereses comerciais que aprender a diferenciala e a consumila cun criterio de calidade constitúe un xeito de aprender a desenvolverse na sociedade de consumo. Esta aprendizaxe ademais é extrapolable a outros aspectos da vida real, e por suposto é un xeito tamén, de acadar unha educación funcional que implique modos de comportamento na vida real fóra do Instituto

**A igualdade entre sexos**

A miúdo en música danse determinadas actitudes estereotipadas asociadas a un sexo determinado coma por exemplo o asociar instrumentos que producen moito estrondo (bombo, pratos, caixa…) ao sexo masculino

mentres que para o feminino se reserva outro tipo de instrumental máis melódico e de son máis agradable (frautas, carillóns,…). Trátase en definitiva de corrixir estas divisións.

Por suposto que a nivel histórico trátase ademais de facer visible ás mulleres que na Hª da música tiveron un papel primordial, ben naquelas ocupacións que a historia si valorou (compositoras, intérpretes...) ben noutras que quedaron relegadas a un segundo plano por ser desenvolvidas principalmente por mulleres (profesoras de música, bailarinas, cantantes tradicionais...).

Os contidos relativos a valores, normas e actitudes adoitan ter un claro compoñente moral, neste sentido, a fantasía, a imaxinación, a creatividade, etc., na elaboración e presentación de tarefas, a perseveranza e a participación democrática na buscade solucións, a exploración sistemática de alternativas ou a flexibilidade para modificar o propio punto de vista en función dos resultados obtidos, son actitudes que contribúen a unha sólida Educación Moral e Cívica.

Son moitas e variadas as situacións que se presentaran no desenvolvemento diario da clase para abordar outros distintos temas. Por exemplo, distintos agrupamentos de alumnos/as na execución dunha determinada tarefa favorecen unha correcta Educación para a Igualdade dos dous Sexos. No proceso de aprendizaxe do alumno, un dos obxectivos máis importantes é que o alumno adquira a capacidade de desenvolverse nos diferentes ámbitos da vida, como forma de integración na sociedade actual. Polo tanto, os temas transversais deben estar presentes de maneira que o alumno poida desenrolar actitudes e valores positivos:

- Os alumnos e as alumnas traballarán en grupo, tomando decisións no desenrolo das actividades, sempre cun reparto equitativo nas tarefas.
- Os traballos colectivos deben supoñer actitudes de cooperación, integración e respecto os compañeiros.
- Os traballos de audición e análise das composicións musicais, faranse seguindo criterios artísticos e non criterios comerciais.

Na educación musical buscarase o desenrolo da sensibilidade, como parte fundamental na formación do ser humano, favorecendo as relacións cos demáis. O coñecemento da música doutras culturas é un medio de achegarse a outros pobos e favorecer as relacións entre persoas de culturas diferentes.

A educación no respecto e a convivencia servirá para aplicarla a tódalas as facetas da vida, como o respecto as normas de tráfico.

# 14 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Na data da redacción desta programacion (setembro 2022) non está prevista a realización de actividades extraescolres para o curso 2022 -2023

# 15 MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

A Programación Didáctica debe estar sometida a unha continua revisión que permita mellorar con prontitude os erros e desfasamentos que se observen. Aínda que esta avaliación teña carácter continuo é especialmente necesaria en dous momentos:

-Ao terminar cada Unidade Didáctica. Esta avaliación terá en conta se a planificación foi adecuada, recollerá as incidencias fundamentais, posibles aspectos de mellora, etc.
-Ao final do curso. Valoraranse os resultados da aprendizaxe dos alumnos, a formulación global da Programación Didáctica, os aspectos fundamentais da actuación do profesor no aula, posibles propostas de mellora, etc.

Nesta avaliación terase en conta, por unha banda, a avaliación dos resultados obtidos polos alumnos, mediante a reflexión sobre eses resultados, a comparación con outras materias, con outros grupos da mesma materia ou con outros grupos. Por outro, farase unha avaliación dos procesos de planificación e de desenvolvemento, facendo unha reflexión sobre os obxectivos, os contidos, a metodoloxía e a práctica da avaliación, de forma que se poidan corrixir distintos aspectos que non funcionen ou sexan susceptibles de mellorar durante todo o proceso de ensino: adecuación das actividades, secuenciación dos contidos, uso dos recursos, etc.

Irase tomando nota de todas as suxestións que vaian xurdindo co obxectivo de velar poloaxuste ecalidade da nosa programación a través do seguimento dos seguintes indicadores:

| | **INDICADORES DE LOGRO DE SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN** | **VALORACIÓN (De 1 a 4)** | **PROPOSTAS DE MELLORA** |
|---|---|---|---|
| **1** | Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo. | | |
| **2** | Adecuación da secuenciación e da temporalización das Unidades didácticas / temas / proxectos. | | |
| **3** | O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas. | | |
| **4** | Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos. | | |
| **5** | Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar. | | |
| **6** | Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación. | | |
| **7** | Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación. | | |
| **8** | Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver. | | |
| **9** | Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. | | |
| **10** | Adecuación da secuencia de traballo na aula. | | |
| **11** | Adecuación dos materiais didácticos utilizados. | | |
| **12** | Adecuación do libro de texto (no caso de que se use). | | |
| **13** | Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba. | | |
| **14** | Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares. | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **15** | Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos [Só para 2º de bacharelato]. | | |
| **16** | Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc. | | |
| **17** | Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación. | | |
| **18** | Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. | | |
| **19** | Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. | | |
| **20** | Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. | | |
| **21** | Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. | | |
| **22** | Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar. | | |
| **23** | Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares. | | |
| **24** | Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE. | | |
| **25** | Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas. | | |
| **26** | Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos. | | |
| **27** | Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción. | | |
| **28** | Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso. | | |
| **29** | Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro. | | |
| **30** | Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia. | | |

# 16 PUBLICIDADE DA PROGRAMACIÓN

A programación didáctica encóntrase a libre disposición de quen queira consultala en Xefatura de Estudios en formato electrónico.

Por outra banda, a información do funcionamento da asignatura é subministrada de forma resumida ao alumnado ao comezo de curso

Marín, 30 de setembro de 2022

A Xefe de Depto de Música

Mª Inmaculada Fernández Fernández

## ANEXO DE RÚBRICAS USADAS DE XEITO HABITUAL, E NON PUNTUAL, AO LONGO DO CURSO

RUBRICA MÚSICA 2ºESO

BLOQUE 1. INTERPRETACIÓN E CREACIÓN

| Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Nivel 1: Consecución nula Ponderación = 0 (0 %) | Nivel 2: Grao mínimo de consecución do EA. Ponderación = 1 (50%) | Nivel 3: Consecución boa. Ponderación = 2 (75%) | Nivel 4: Consecución excelente. Ponderación = 3 (100 %) |
|---|---|---|---|---|---|
| MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada. | CCEC<br>CCL | Non recoñece ningún parámetro do son | Recoñece na metade dos exercicios propostos os seguintes parámetros do son:<br>- ritmo<br>- melodía | Recoñece na maioría dos exercicios propostos os seguintes parámetros do son:<br>- ritmo<br>- melodía<br>- timbre | Recoñece na práctica totalidade dos exercicios propostos todos os parámetros do son:<br>- ritmo<br>- melodía<br>- timbre<br>- textura<br>- matices de intesidade e tempo |
| MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais. | CMCCT<br>CCEC | Non recoñece ningún ritmo nen compás | Coñece e practica os compases de:<br>- 2/4, | Coñece e practica os compases de:<br>- 2/4,<br>- 3/4 | Coñece e practica os compases de:<br>- 2/4,<br>- 3/4<br>- 4/4 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias. | CMCCT<br>CCEC | Non é capaz de .identificar nin de transcribir os ditados de patróns rítmicos e melódicos | É capaz de .identificar e de transcribir a metade dos ditados de patróns rítmicos | É capaz de .identificar e de transcribir a maioría dos ditados de patróns rítmicos e melódicos | É capaz de .identificar e de transcribir case todos os ditados de patróns rítmicos e melódicos |
| MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). | CCEC | Non distingue nin emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música | Distingue e emprega emprega os seguintes elementos que se utilizan na representación gráfica da música:<br>- clave de sol<br>- duración das figuras | Distingue e emprega emprega os seguintes elementos que se utilizan na representación gráfica da música:<br>- colocación das notas no pentagrama<br>- clave de sol<br>- duración das figuras | Distingue e emprega emprega os seguintes elementos que se utilizan na representación gráfica da música:<br>- colocación das notas no pentagrama<br>- clave de sol<br>- clave de fa en cuarta - duración das figuras<br>- signos que afectan a intensidade e matices |
| MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns. | CAA<br>CCEC | Realiza as tarefas de improivisación de xeito totalmente erróneo | Realiza as tarefas de improivisación con erros que non supoñen máis da metade da puntuación | Realiza as tarefas de improivisación de xeito incompleto pero válido | Realiza as tarefas de improivisación de xeito adecuado |
| MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías. | CAA<br>CCEC | Non é capaz de utilizar os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos | Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para: - elaborar arranxos e crear cancións | Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para: - elaborar arranxos e crear cancións - pezas instrumentais | Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para: - elaborar arranxos e crear cancións - pezas instrumentais - coreografías |
| MUB1.4.1. Amosa interese polo | CAA | Non amosa ningún | Amosa un mínimo de | Adoita amosar bastante | Sempre amosa bastante |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos. | CCEC | interese | interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, | interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos | interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos. |
| MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas apli- cando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz. | CCEC | Non é capaz de cantar as pezas vocais propostas | É capaz de cantar a metade das pezas vocais propostas | É capaz de cantar a maioría das pezas vocais propostas | Canta todas pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz. |
| MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. | CCEC | Realiza as tarefas de xeito totalmente erróneo | Realiza as tarefas con erros que non supoñen máis da metade da puntuación | Realiza as tarefas de xeito incompleto pero válido | Realiza as tarefas de xeito adecuado |
| MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técni- cas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel. | CCEC | Non adquire nin aplica as habilidades técnicas e interpretativas | Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas na metade dos exercicios propostos | Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas son na maioría dos exercicios propostos | Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas na práctica totalidade dos exercicios propostos |
| MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público. | CAA<br>CCEC | Realiza as tarefas de xeito totalmente erróneo | Amosa un mínimo de interese polo coñecemento e práctica das técnicas de control de emocións | Adoita amosar bastante interese polo coñecemento e a aplicación das técnicas de control de emocións | Sempre amosa bastante interese polo coñecemento e a aplicación das técnicas de control de emocións |
| MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas. | CAA<br>CCEC | Non é capaz de realizar improvisacións nen composicións | É capaz de realizar a metade dos exercicios propostos para realizar improvisacións | É capaz de realizar a maioría dos exercicios propostos para realizar improvisacións e composicións | Realiza todas as improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas |
| MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as | CSIEE | Non amosa nunca unha actitude de superación e mellora das súas | Amosa un mínimo de respecto as capacidades e as formas de expresión dos seus | Adoita amosar bastante respecto as capacidades e as formas de expresión dos | Sempre amosa respecto as capacidades e as formas de expresión dos seus |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | | posibilidades | compañeiros | seus compañeiros | compañeiros |
| MUB1.6.1. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel. | CCEC | Non interpreta e memoriza pezas | Practica, interpreta e memoriza: - pezas instrumentais | Practica, interpreta e memoriza: - pezas instrumentais - pezas vocais | Practica, interpreta e memoriza: - pezas instrumentais - pezas vocais - danzas de diferentes xéneros |
| MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. | CCEC | Non interpreta e memoriza pezas | . Practica, interpreta e memoriza as pezas do patrimonio español e galego: - pezas instrumentais | Practica, interpreta e memoriza as pezas do patrimonio español e galego: - pezas instrumentais<br>- pezas vocais | Practica, interpreta e memoriza as pezas do patrimonio español e galego:<br>- pezas instrumentais<br>- pezas vocais<br>- danzas |
| MUB1.6.3. Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras. | CSC | Non amosa nunca apertura e respecto | Amosa un mínimo de apertura e respecto | Adoita amosar bastante apertura e respecto | Sempre amosa apertura e respecto |
| MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da inter- pretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao | CSC | Non practica as pautas básicas da interpretación: | Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para:<br>- elaborar arranxos e crear cancións | Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para: - elaborar arranxos e crear cancións - pezas instrumentais | Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para:<br>- elaborar arranxos e crear cancións |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo. | | | | | - pezas instrumentais<br>- coreografías. |
| MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa. | CSIEE | Non amosa ningún interese | Amosa un mínimo de interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, | Adoita amosar bastante interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos | Sempre amosa bastante interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos |

RUBRICA MÚSICA 2ºESO

BLOQUE 2. ESCOITA

| Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Nivel 1:<br>Consecución nula Ponderación = 0 (0 %) | Nivel 2:<br>Grao mínimo de consecución do EA. Ponderación = 1 (50%) | Nivel 3:<br>Consecución boa. Ponderación = 2 (75%) | Nivel 4:<br>Consecución excelente. Ponderación = 3 (100 %) |
|---|---|---|---|---|---|
| MUB2.1.1. Diferencia as sonoridades dos ins- trumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces. | CCEC | Non é capaz de identificar nin discriminar por medio da audición dos instrumentos da orquestra sinfónica | É capaz de realizar a metade dos exercicios propostos para Identificar e discriminar por medio da audición dos instrumentos da orquestra sinfónica | É capaz de realizar a maioría dos exercicios propostos para Identificar e discriminar por medio da audición dos instrumentos da orquestra sinfónica | Realiza todas os exercicios propostos para Identificar e discriminar por medio da audición dos instrumentos da orquestra sinfónica |
| MUB2.1.2. Diferencia as sonoridades dos ins- trumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais. | CCEC | Non é capaz de Identificar nin discriminar por medio da audición dos instrumentos na música popular moderna e no folclore. | É capaz de realizar a metade dos exercicios propostos para Identificar e discriminar por medio da audición dos instrumentos na música popular moderna e no | É capaz de realizar a maioría dos exercicios propostos para para Identificar e discriminar por medio da audición dos instrumentos na música popular moderna | Realiza todas os exercicios propostos para Identificar e discriminar por medio da audición dos instrumentos na música popular moderna e no folclore. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | folclore. | e no folclore. | |
| MUB2.2.1. Sigue partituras como apoio á audi- ción. | CCEC | Non fai un seguimento de audicións coa axuda de musicogramas e partituras sinxelas para o recoñecemento dos instrumentos | Fai un seguimento de audicións coa axuda de musicogramas | Fai un seguimento de audicións coa axuda de musicogramas e partituras sinxelas | Fai un seguimento de audicións coa axuda de musicogramas e partituras sinxelas e sempre fai o recoñecemento dos instrumentos |
| MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como ele- mento indispensable para a interpretación e a audición. | CSC | Non valora o silencio | Amosa un mínimo de interese polo silencio | Adoita amosar bastante interese polo silencio para escoitar | Sempre amosa bastante interese polo silencio para escoitar e gozar da música |
| MUB2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas. | CCL<br>CCEC | Non é capaz de recoñece nas actividades propostas os seus elementos | É capaz de recoñece nas actividades propostas os seguintes elementos:<br>- ritmo<br>- melodía | É capaz de recoñece nas actividades propostas os seguintes elementos:<br>- ritmo<br>- melodía<br>- timbre<br>- repetición | É capaz de recoñece nas actividades propostas os seguintes elementos:<br>- ritmo<br>- melodía<br>- timbre<br>- repetición<br>- imitación<br>- variación |
| MUB2.4.2. Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical. | CCEC | Realiza as tarefas de xeito totalmente erróneo | Realiza as tarefas con erros que non supoñen máis da metade da puntuación | Realiza as tarefas de xeito incompleto pero válido | Realiza as tarefas de xeito adecuado |
| MUB2.4.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, | CCL | Non é capaz de empregar conceptos musicais | É capaz de empregar conceptos musicais para comunicar coñecementos | É capaz de empregar conceptos musicais para comunicar coñecementos xuízos e opinións musicais de | É capaz de empregar conceptos musicais para comunicar coñecementos xuízos e opinións musicais |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| con rigor e claridade. | | | | forma oral e escrita | de forma oral e escrita con rigor e claridade |
| MUB2.5.1. Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música. | CSC | Non amosa nunca unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música. | Amosa un mínimo de interese pola contribución da música á calidade da experiencia humana | Adoita amosar bastante interese pola contribución da música á calidade da experiencia humana | Sempre amosa interese pola contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música. |
| MUB2.5.2. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica. | CSIEE<br>CD | Realiza as tarefas de xeito totalmente erróneo | Realiza as tarefas con erros que non supoñen máis da metade da puntuación | Realiza as tarefas de xeito incompleto pero válido | Realiza as tarefas de xeito adecuado |

RUBRICA MÚSICA 2ºESO

BLOQUE 3. CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS

| Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Nivel 1:<br>Consecución nula Ponderación = 0 (0 %) | Nivel 2:<br>Grao mínimo de consecución do EA. Ponderación = 1 (50%) | Nivel 3:<br>Consecución boa. Ponderación = 2 (75%) | Nivel 4:<br>Consecución excelente. Ponderación = 3 (100 %) |
|---|---|---|---|---|---|
| MUB3.1.1. Recoñece, crea e interpreta distintas manifestacións da danza. | CCEC | Non é capaz de identificar as diferentes características das audicións de danza | É capaz de realizar a metade dos exercicios propostos para Identificar as diferentes características das audicións de danza | É capaz de realizar a maioría dos exercicios propostos para Identificar as diferentes características das audicións de danza | Realiza todas os exercicios propostos para Identificar as diferentes características das audicións de danza |
| MUB3.1.2. Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade. | CCEC | Non distingue as diversas funcións da música na nosa sociedade | Distingue algunhas das funcións da música na nosa sociedade | Distingue case que todas as funcións da música na nosa sociedade | Distingue todas as funcións da música na nosa sociedade |
| MUB3.2.1. Amosa interese por | CCEC | Non amosa interese por | Amosa un mínimo de | Adoita amosar bastante | Sempre amosa bastante |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| coñecer os xéne- ros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva. | | coñecer os xéneros musicais | interese por coñecer os xéne- ros musicais | interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas | interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva |
| MUB3.3.1. Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego | CCEC | Non valora o patrimonio musical español e galego | Amosa un mínimo de interese polo patrimonio musical español e galego | Adoita amosar bastante interese polo patrimonio musical español e galego | Sempre amosa bastante interese polo patrimonio musical español e galego |
| MUB3.3.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. | CCEC | Non é capaz de practicar as pezas | É capaz de interpretar e memorizar a metade das pezas proposta | É capaz de interpretar e memorizar a maioría das pezas propostas | Interpreta e memoriza todas as pezas propostas |
| MUB3.3.3. Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos. | CCEC | Non distingue os instrumentos tradicionais españois e galegos | É capaz de realizar a metade dos exercicios propostos para Identificar por medio da audición dos instrumentos na música popular moderna e no folclore.. | É capaz de realizar a maioría dos exercicios propostos para Identificar por medio da audición dos instrumentos na música popular moderna e no folclore.. | Realiza todas os exercicios propostos para Identificar por medio da audición dos instrumentos na música popular moderna e no folclore.. |
| MUB3.3.4. Contribúe á conservación, a recupe- ración e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcrición de pezas. | CCEC<br>CSIEE | Non amosa interese pola conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego | Amosa un mínimo de interese pola conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego | Adoita amosar bastante interese pola conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego | Sempre amosa bastante interese pola conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego |
| MUB3.4.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais | CCL | Non emprega un vocabulario adecuado | Emprega un vocabulario adecuado mínimo | Adoita empregar un vocabulario adecuado | Sempre emprega un vocabulario adecuado |
| MUB3.4.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, | CCL | Non é capaz de comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais | É capaz de comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais: | É capaz de comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais: | É capaz de comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais: |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| con rigor e claridade. | | | - de xeito oral | - de xeito oral<br>-- de xeito escrito | - de xeito oral<br>-de xeito escrito<br>- con rigor e claridade |
| MUB3.5.1. Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións. | CD | Non utiliza ningynha fonte de informacion para estas tarefas | É capaz de de utilizar diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre: - novas tendencias | É capaz de de utilizar diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre:<br>- novas tendencias<br>- grupos de música popular | É capaz de de utilizar diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre:<br>- novas tendencias<br>- representantes<br>- grupos de música popular<br>- realiza unha revisión crítica desas producións. |
| MUB3.5.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias. | CAA | Non amosa interese | Emprega algunhas fontes de información bibliográfica e dixital para investigar as músicas actuais | Emprega case sempre fontes de información, bibliográfica e dixital para investigar as músicas actuais | Emprega sempre fontes de información, bibliográfica e dixital para investigar as músicas actuais |

RUBRICA

BLOQUE 4. MUSICA E TECNOLOXÍAS

| Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Nivel 1:<br>Consecución nula Ponderación = 0 (0 %) | Nivel 2:<br>Grao mínimo de consecución do EA. Ponderación = 1 (50%) | Nivel 3:<br>Consecución boa. Ponderación = 2 (75%) | Nivel 4:<br>Consecución excelente. Ponderación = 3 (100 %) |
|---|---|---|---|---|---|
| MUB4.1.1. Coñece algunhas das | CD | Non é capaz manexar a | Manexa a nivel básico as | Domina o manexo a nivel de | Domina o manexo a nivel |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical. | | | nivel básico as actividades creadas co programa EDILIM polo profesor e as cales os alumnos teñen acceso a través do Espazo ABALAR | actividades creadas co programa EDILIM polo profesor e as cales os alumnos teñen acceso a través do Espazo ABALAR | usuario das actividades creadas co programa EDILIM polo profesor e as cales os alumnos teñen acceso a través do Espazo ABALAR | de usuario das actividades creadas co programa EDILIM polo profesor e as cales os alumnos teñen acceso a través do Espazo ABALAR Coñece e utiliza de forma sinxela os programas de edición de partituras e de edición de audio traballados na clase. |
| MUB4.1.2. Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías. | CD<br>CSIEE | | Non é capaz de intgegrarse nun grupo de traballo para traballar de xeito sinxelo os aspectos da produción musica | Ë capaz de intgegrarse nun grupo de traballo para traballar de xeito sinxelo os aspectos da produción musical | Ë capaz de intgegrarse nun grupo de traballo para traballar de xeito sinxelo os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado de:<br>- os materiais relacionados<br>- os métodos | Ë capaz de intgegrarse nun grupo de traballo para traballar de xeito sinxelo os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado de:<br>- os materiais relacionados<br>- os métodos<br>- as tecnoloxías |
| MUB4.2.1. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. | CD | | Non é capaz de realizar estas tareas | Emprega de xeito guiado as fontes para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical | Emprega de xeito autónomo: - as fontes para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical | Emprega de xeito autónomo: - as fontes - os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. |
| MUB3.3.1. Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego | CCEC | | Non valora o patrimonio musical español e galego | Amosa un mínimo de interese polo patrimonio musical español e galego | Adoita amosar bastante interese polo patrimonio musical español e galego | Sempre amosa bastante interese polo patrimonio musical español e galego |
| MUB3.3.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, | CCEC | | Non é capaz de practicar | É capaz de interpretar e memorizar a metade das | É capaz de interpretar e memorizar a maioría das | Interpreta e memoriza |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. | | as pezas | pezas proposta | pezas propostas | todas as pezas propostas |
| MUB3.3.3. Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos. | CCEC | Non distingue os instrumentos tradicionais españois e galegos | É capaz de realizar a metade dos exercicios propostos para Identificar por medio da audición dos instrumentos na música popular moderna e no folclore.. | É capaz de realizar a maioría dos exercicios propostos para Identificar por medio da audición dos instrumentos na música popular moderna e no folclore.. | Realiza todas os exercicios propostos para Identificar por medio da audición dos instrumentos na música popular moderna e no folclore.. |
| MUB3.3.4. Contribúe á conservación, a recupe- ración e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcrición de pezas. | CCEC<br>CSIEE | Non amosa interese pola conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego | Amosa un mínimo de interese pola conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego | Adoita amosar bastante interese pola conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego | Sempre amosa bastante interese pola conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego |
| MUB3.4.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais | CCL | Non emprega un vocabulario adecuado | Emprega un vocabulario adecuado mínimo | Adoita empregar un vocabulario adecuado | Sempre emprega un vocabulario adecuado |
| MUB3.4.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade. | CCL | Non é capaz de comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais | É capaz de comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais:<br>- de xeito oral | É capaz de comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais:<br>- de xeito oral<br>-- de xeito escrito | É capaz de comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais:<br>- de xeito oral<br>-de xeito escrito<br>- con rigor e claridade |
| MUB3.5.1. Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., | CD | Non utiliza ningynha fonte de informacion para estas tarefas | É capaz de de utilizar diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre: - novas tendencias | É capaz de de utilizar diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre: | É capaz de de utilizar diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre:<br>- novas tendencias |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| e realiza unha revisión crítica desas producións. | | | | - novas tendencias<br><br>- grupos de música popular | - representantes<br><br>- grupos de música popular<br><br>- realiza unha revisión crítica desas producións. |
| MUB3.5.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias. | CAA | Non amosa interese | Emprega algunhas fontes de información bibliográfica e dixital para investigar as músicas actuais | Emprega case sempre fontes de información, bibliográfica e dixital para investigar as músicas actuais | Emprega sempre fontes de información, bibliográfica e dixital para investigar as músicas actuais |